

## **A Cámara lamenta o tratamento que recibe Ferrol nos Presupostos Xerais**

**Ferrol. 01/10/2010.** A Cámara de Comercio de Comercio valora de xeito moi negativo o recorte nas diferentes partidas previstas para Ferrol nos Presupostos Xerais do Estado

Aínda que as restricións presupostarias que sofre Galicia son menores que as doutras comunidades autónomas, unha vez máis, Ferrol sae gravemente prexudicada, especialmente no que atinxe aos investimentos previstos polo Ministerio de Fomento, o que provocará novos retrasos nas principais infraestruturas que están pendentas de execución.

A Cámara lamenta especialmente que non se consigne ningunha dotación para o AVE A Coruña-Ferrol, carencia que incide na marxinación da zona da alta velocidade fronte ao resto das cidades galegas.

Critica tamén que unicamente se destinen 100.000 euros para o enlace ferroviario ao porto exterior, cifra que contrasta cos máis de 150 millóns que se desembolsarán para rematar a execución de Punta Langosteira.

Desta forma, lástrase, unha vez máis o desenvolvemento portuario de Ferrol, dado que nin sequera figura ningún compromiso plurianual para os próximos exercicios que permita dar continuidade a este proxecto.

Estes recortes sumados ao visto e prace de Bruxelas ao decreto do carbón e á falta de perspectivas na carga de traballo para Navantia auguran, en opinión da Cámara, un futuro moi difícil para os empresarios de Ferrol, Eume e Ortegá, cuxos intereses a Cámara loitará por defender facendo oír a súa voz ante as diferentes instancias da Administración.

